CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar as características, a organización e as propiedades da materia		
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural mostrando comprensión das relacións que se establecen nel.	Identificar conexións sinxelas entre diferentes estados da materia		
CA2.3 - Coñecer e protexer o medio natural, valorándoo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Indicar as características e os principais coidados que deben recibir o medio ambiente para a súa conservación.		
CA3.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar e relacionar certas características da materia e os estados da mesma.		
CA3.2 - Coñecer diferentes formas e fontes de enerxía, identificando os seus usos na vida cotiá.	Identificar diferentes formas e fontes de enerxía e coñecer os seus usos na vida cotiá		
CA3.3 - Recoñecer a través de pequenas investigacións diferentes formas de produción da calor e dos seus efectos sobre os corpos.	Distinguir e recoñecer as diferentes formas de produción da enerxía calorífica.		
CA3.4 - Analizar os efectos das forzas sobre determinados obxectos de uso común, realizando experiencias sinxelas e pequenas investigacións con máquinas e aparellos.	Analizar os efectos das forzas sobre algúns obxectos de uso común		
CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos explicando os pasos seguidos.	Explicar, utilizando algúns termos científicos, a elaboración do circuito eléctrico anteriormente citado.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Amosar curiosidade e formular preguntas sobre a enerxía e as diferentes fontes de enerxía.		
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información sobre o tema a través dalgunha fonte de maneira guiada.		
CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.	Ser capaz de realizar un experimento de xeito guiado.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica hábitos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Coñecer diferentes problemáticas ecosociais e participar na conservación e mellora da contorna favorecendo o desenvolvemento sustentable.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Consultar e buscar información en internet aplicando os seus propios recursos dixitais.		
CA4.2 - Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.	Elaborar en equipo un sinxelo circuío eléctrico		
CA4.4 - Resolver, de forma guiada, problemas sinxelos de programación, modificando algoritmos de acordo con principios básicos do pensamento computacional.	Resolver, de forma guiada, problemas sinxelos de programación.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participar activamente na elaboración e presentación dun traballo colectivo, coordinándose co grupo		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. - Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico. - Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación, rexistrando os seus resultados. - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Relación do ser humano cos ecosistemas. Exemplos de bos e malos usos dos recursos naturais do noso planeta e das súas consecuencias. - Valoración da biodiversidade e importancia da súa conservación. Respecto polos seres vivos da contorna. Animais en perigo de extinción. - Identificación dos estados nos que se presenta a materia na nosa contorna. Cambios de estado da auga. - Fontes de enerxía renovables e non renovables.

Contidos

- A calor e as súas formas de produción. Cambios de estado e instrumentos de medida. Efectos da calor sobre a materia a través da experimentación.
- Propiedades das máquinas simples, a súa observación e manipulación. Aplicacións e usos na vida cotiá.
- Uso responsable dos recursos naturais do planeta. Impacto ambiental: contaminación e residuos.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.
- Procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet.
- Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais).
- Coñecemento das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet.
- Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto.
- Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e mensaxes non desexadas) e estratexias de actuación.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
- Identificación e selección dos materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a elaboración dun proxecto.
- Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e proba, avaliación e comunicación.
- Iniciación á programación. Recursos dixitais (plataformas dixitais de iniciación á programación, aplicacións de programación por bloques, robótica educativa...).
- Vocabulario básico do ámbito tecnolóxico.
- Técnicas cooperativas sinxelas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

UD	Título da UD	Duración
6	Os ordenadores na nosa vida.	17

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Coñecer e protexer o medio natural, valorándoo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Indicar as características e os principais coidados que deben recibir o medio ambiente para a súa conservación.	PE	45
CA3.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar e relacionar os distintos elementos das máquinas. Distinguir entre máquinas sinples e as compostas.		
CA3.2 - Coñecer diferentes formas e fontes de enerxía, identificando os seus usos na vida cotiá.	Coñecer e relacionar diferentes máquinas coa enerxía que producen		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Recoñecer a través de pequenas investigacións diferentes formas de produción da calor e dos seus efectos sobre os corpos.	Distinguir e recoñecer as diferentes máquinas para a produción da enerxía calorífica.		
CA3.4 - Analizar os efectos das forzas sobre determinados obxectos de uso común, realizando experiencias sinxelas e pequenas investigacións con máquinas e aparellos.	Analizar os efectos das forzas sobre algúns obxectos de uso común		
CA3.5 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica hábitos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Recoñecer e identificar o problema medioambiental que produce a elaboración e utilización de algunhas das máquinas de uso común.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Amosar curiosidade e formular preguntas sobre as máquinas e os grandes inventos e os inventores/as das mesmas.		
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información sobre o tema a través dalgunha fonte de maneira guiada		
CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.	Ser capaz de realizar un experimento de xeito guiado.		
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Rexistar os datos obtidos na actividade anterior, nunha táboa de indicadores.		
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar certas características e elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural mostrando comprensión das relacións que se establecen nel.	Relaciona basicamente elementos do medio natural, social e cultural.	TI	55
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Consultar e buscar información en internet aplicando os seus propios recursos dixitais.		
CA4.2 - Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.	Deseñar, construír e programar seguindo instrucións, unha máquina sinxela.		
CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos explicando os pasos seguidos.	Explicar, utilizando algúns termos científicos, a elaboración da máquina sinxela anteriormente citada.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Resolver, de forma guiada, problemas sinxelos de programación, modificando algoritmos de acordo con principios básicos do pensamento computacional.	Deseñar, construír e programar seguindo instrucións, unha máquina sinxela.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participar activamente na elaboración e presentación dun traballo colectivo, coordinándose co grupo		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. - Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico. - Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación, rexistrando os seus resultados. - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Relación do ser humano cos ecosistemas. Exemplos de bos e malos usos dos recursos naturais do noso planeta e das súas consecuencias. - Valoración da biodiversidade e importancia da súa conservación. Respecto polos seres vivos da contorna. Animais en perigo de extinción. - Identificación dos estados nos que se presenta a materia na nosa contorna. Cambios de estado da auga. - Fontes de enerxía renovables e non renovables. - A calor e as súas formas de produción. Cambios de estado e instrumentos de medida. Efectos da calor sobre a materia a través da experimentación. - Propiedades das máquinas simples, a súa observación e manipulación. Aplicacións e usos na vida cotiá. - Uso responsable dos recursos naturais do planeta. Impacto ambiental: contaminación e residuos. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet. - Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais). - Coñecemento das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet. - Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto. - Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco

Contidos

- seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e mensaxes non desexadas) e estratexias de actuación.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
 - Identificación e selección dos materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a elaboración dun proxecto.
 - Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e proba, avaliación e comunicación.
 - Iniciación á programación. Recursos dixitais (plataformas dixitais de iniciación á programación, aplicacións de programación por bloques, robótica educativa...).
- Vocabulario básico do ámbito tecnolóxico.
- Técnicas cooperativas sinxelas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no Decreto 155, así como na Orde do 26 de maio de 2023, as cales se levarán a cabo ao longo do curso. En cada sesión, e con independencia do traballo específico a tratar nelas, establecerase unha rutina que permitirá desenvolver no alumnado a automatización nalgunhas cuestións básicas a tratar ao longo de toda a etapa e a aclimatación dende o comezo da sesión como enfoque preparatorio para esta, buscando o silencio e a recepción activa, tan necesario para calquera das actividades a realizar na sesión.

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal, tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado.

A contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras máis complexas.

O traballo individual, en parellas ou en equipo (traballo colaborativo) serán as opcións máis empregadas para favorecer a participación total do alumnado.

Todo isto debe rexirse polos principios de normalización e inclusión e así poder atender á diversidade existente na nosa aula.

En resumo, a metodoloxía será activa, participativa, comunicativa e intentará incluír novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que seña posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes.

Deste xeito, partiremos sempre dos coñecementos previos do alumnado, así como do contexto próximo e do seu nivel evolutivo, cognitivo e emocional. Sen esquecernos da diversidade existente na aula, respetando os seus ritmos e estilos de aprendizaxe.

A maiores potenciaremos metodoloxías activas: combinar o traballo individual e cooperativo, aprendizaxe por proxectos (PDI do centro educativo), enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas así como o uso habitual de dispositivos e recursos dixitais.

Como docentes seremos facilitadores da aprendizaxe, promovoremos a lectura como factor fundamental das competencias clave.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais impresos: libro de texto, caderno de actividades, fichas de reforzo/ampliación; libros de consulta da biblioteca do centro.
Materiais manipulativos: xogos de vocabulario, tarxetas de vocabulario.
Materiais tecnolóxicos: dez mini portátiles, ordenador, altosfalantes e panel dixital.
Recursos dixitais: aula virtual do centro e da editorial Santillana, vídeos educativos, libros dixitais e aplicación ABALAR móbil.

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicalo no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten unha aprendizaxe activa por parte do alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Unha vez revisados os informes individualizados dos alumnos/as, levarase a cabo unha proba co fin de coñecer o punto de partida real do presente curso escolar. Tamén se requerirá información que se considere de especial interese, ao equipo docente do curso anterior, información que ampliará e complementará a obtida polos medios anteriormente descritos.

A avaliación inicial levarase a cabo ao longo da primeira semana do inicio do curso e servirá para poder establecer uns criterios claros e concisos do nivel mínimo da clase en xeral, de cada alumno/a en particular e para informar sobre as dificultades que se detectan a nivel de necesidades de intervención do profesorado especialista en AL, PT, da que se dará cumprida información na Reunión de Avaliación que se realizará no centro.

As probas de avaliación inicial consistirán nunha ficha para respostar de xeito escrito e comprobar os coñecementos de cada unha das materias correspondentes ao curso anterior. A partir do conxunto de datos obtidos das probas anteriormente citadas, comunicarase ao DO e ao equipo docente, as medidas que xa se poden ir tomando na aula (reforzos e/ou atención individualizada) e de ser posible e/ou necesario convir o modo de intervención máis eficaz daquelas posibles dificultades detectadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional. Estas necesidades quedan reflectidas nun documento que a titora entrega na Reunión de Avaliación anteriormente citada e que se celebrará o luns 25 de setembro.

Os resultados da avaliación inicial comunicaranse de xeito individual as familias nas reunións individuais. Asimesmo, os resultados de dita avaliación cubriranse na aplicación XADE.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	16	17	17	17	17	16	100
Proba escrita	60	70	55	60	60	45	58
Táboa de indicadores	40	30	45	40	40	55	42

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación.

No tocante á calificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as calificacións das UD que compoñen o trimestre. Para calificar cada UD utilizaremos diferentes táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, traballos en grupo, individuais, realización de experimentos, de proxectos... Asimemos na última sesión de cada UD haberá unha proba escrita, cuxa nota acadará a porcentaxe correspondente e na que se incluírán os contidos relacionados cos criterios de avaliación da UD que se cualifican con proba escrita.

Ao final de cada trimestre, unha vez avaliadas as 4 UD, obterase a media das catro e darán a nota da avaliación.

O 100% da nota da avaliación final obterase coa media ponderada das 3 avaliacións da seguinte forma: 1ª avaliación (30%), 2ª avaliación (30%) e 3ª avaliación (40%).

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, será isto o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade.

6. Medidas de atención á diversidade

Para dar resposta á diversidade da aula teremos en conta o establecido na Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. Así, na etapa da educación primaria porase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtida na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade. Deste xeito, no grupo de 3º de educación primaria adoptaremos as seguintes medidas ordinarias para dar resposta as necesidades do noso alumnado: adaptaremos tempos e instrumentos de avaliación, faremos reforzo educativo, recibiremos apoio por parte de mestres con dispoñibilidade horaria.

Do mesmo xeito, de ser insuficientes as ordinarias poremos en marcha as seguintes medidas extraordinarias: apoios do profesorado especialista en audición e linguaxe e pedagogía terapéutica.

Asimesmo, proporcionaremos variedade de formas de representación dos contidos, por medio de imaxes, audios e vídeos; empregaremos esquemas, resumos e glosarios, implicaremos aos discentes no seu aprendizaxe por medio de actividades que sexan relevantes para a vida cotiá dos alumnos/as e fomentaremos o traballo cooperativo na aula que entendan que traballar xuntos lles leva a conseguir un obxectivo, favorecendo así o emprego de estratexias de deseño universal de aprendizaxe.

No caso de que ao longo do curso algún discente teña dificultade para asistir ao centro por causas debidamente

xustificadas empregaremos a aula virtual do centro, colgando as tarefas que imos facendo na clase e outras actividades de reforzo/ampliación. A maiores, as familias poderán vir ao centro a recoller os materiais que precisen para a realización das tarefas durante os días que estén na casa. Todo isto acompañado da comunicación coa familia a través de ABALAR ou do correo corporativo da XUNTA.

Por último, non nos podemos esquecer que na aula de terceiro teremos en conta o protocolo de absentismo no caso de que un alumnado falte máis do 10% do horario lectivo mensual, o de protección de datos así como o protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas de aprendizaxe.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Fomento da actividade física e o deporte	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais enumerados anteriormente, traballaranse tanto nas UD relacionadas co seu contido, como a través das diferentes actividades que se desenvolvan ao longo do curso. O traballo dos elementos transversais está implícito na labor docente, xa que debemos transmitir unha serie de valores e actitudes ao noso alumnado, tal como reflicte a lexislación vixente.

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

As ciencias da natureza serán un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.

Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita ou a resolución pacífica de conflitos estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Por outra banda, contidos como o desenvolvemento sustentable, serán abordados máis especificamente en unidades didácticas en concreto.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charla de educación sexual	1º trimestre do curso. Charla no centro sobre educación sexual	X		
Obradoiro de elaboración dun xoguete	2º trimestre do curso. Realización dun obradoiro para a elaboración dun autómeta.		X	
Visita ás Médulas	3º trimestre do curso. Saída do centro en autobús para visitar as Médulas.			X

Observacións:

Charla sobre educación sexual. Esta actividade levarémola a cabo ao longo do primeiro trimestre. Consistirá nunha charla impartida por sexólogas. Esta actividade relacionámola coa área de ciencias da natureza posto que traballaremos C2.2 Observación e comparación das diversas formas nas que realizan as funcións vitais.

Obradoiro de elaboración de xoguetes. Esta actividade levarémola a cabo ao longo do segundo trimestre. Consistirá nun obradoiro no que os alumnos/as elaborarán un xoguete, concretamente, un autómeta. Deste xeito contribuímos ao currículo ao traballar o bloque de contidos III (materia, forzas e enerxía) C3.4 - Propiedades das máquinas simples, a súa observación e manipulación. Aplicacións e usos na vida cotiá.

Visita ás Médulas. Esta actividade levarémola a cabo ao longo do terceiro trimestre. Consistirá nunha visita ás Médulas coa que traballaremos os seguintes contidos. C2.3 - Clasificación das plantas a través das súas características observables. Análise, a través da experimentación, da súa capacidade de adaptación ao medio no que viven e realizan as funcións vitais. C2.4 - Identificación dun ecosistema e dos elementos que o compoñen. Observación dun ecosistema próximo recollendo datos en diferentes soportes e elaborando hipóteses de forma guiada.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Préstase atención aos elementos transversais plantexados?
Infórmase ao alumnado dos resultados obtidos nas diferentes probas?
Metodoloxía empregada
Conseguíuse motivar ao alumnado?
Infórmase ao alumnado dos erros cometidos nas diferentes probas, tarefas ou actividades?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro?
Aproveitáronse os recursos dos que dispón a contorna?

Medidas de atención á diversidade
Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisan?
Elabóranse diferentes actividades segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado?
Adáptanse as probas aos diferenets ritmos e estilos de aprendizaxe?
Tomáronse medidas para atender ao ACNEAE?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Cal é o grao de coordinación co resto do equipo docente?
Mantívose contacto coas familias logrando a súa implicación no proceso?

Descrición:

Cando falamos de avaliación, o primeiro que se nos ven á cabeza é a avaliación do alumnado, mais non adoitamos ter en consideración a propia práctica docente. O propio Decreto que establece o currículo, no seu artigo 21 de avaliación e promoción, así como a Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155 recollen a necesidade de establecer indicadores de logro para avaliar os procesos de ensino e a súa propia práctica docente nas programacións didácticas. Os instrumentos de avaliación serán táboas de indicadores nas que figurarán os ítems anteriormente descritos. A temporalización desta avaliación será mensual nas reunións do equipo do 2º ciclo e trimestrais na sesión de avaliación de 3º de Educación Primaria.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para a realización do seguimento da programación empregaremos unha táboa cuns indicadores de logro que valoraremos de 1-4 atendendo ás seguintes cuestións.

- Diseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?
- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?
- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?
- Engadiuse algún contido non previsto á programación?
- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?
- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?
- Vinculouse cada contido a un/varios instrumentos para a súa avaliación?

Asimesmo, o seguimento da programación realizarase ao rematar cada unidade didáctica a través da aplicación informática PROENS. Dita información trasladarase, para a súa valoración e análise, ao equipo do 2º ciclo cunha frecuencia mínima mensual, deixando constancia nas correspondentes actas.

9. Outros apartados